

Hemeroteca



cara ao 17 de maio

O 'maldito' Lois Pereiro, na quiniela do Día das Letras

16.06.2007 A Academia Galega elixe no plenario do próximo día trinta o escritor ao que se lle dedicará o Día das Letras do 2008

MARÉ . SANTIAGO



Lois Pereiro, un dos escritores máis reivindicados polas xeracións novas de Galicia

A Real Academia Galega (RAG) celebrará previsiblemente o día trinta de xuño a reunión da que sairá o nome do Día das Letras do 2008. Como indican os seus estatutos, a lección debe realizarse no primeiro plenario posterior ao 17 de maio, que habitualmente se convoca a finais de xuño ou primeiros de xullo. Este ano, se ben non foi aínda fixado definitivamente, todo parece indicar que os académicos acudirán á rúa Tabernas, onde se atopa a sede da RAG, o último sábado deste mes.

A diferenza de convocatorias anteriores, a Academia chega ao plenario sen presións de nomes concretos, xa que desta volta non houbo propostas por

[Canle Vivenda](#)[Cultura](#)[Deputación da Coruña](#)[Medio Ambiente](#)[Medio Rural](#)[Turismo](#)[Vicepresidencia](#)[Océano Internet](#)[Descubrir](#)[r.d.l.](#)[Hoxe Venres](#)[Bolboreta](#)[Lecer](#)[Universidade](#)

CANLES

SUPLEMENTOS

- HOXE
- Última Hora
- Vivir Hoxe Galicia
- Vivir Hoxe Sociedade
- Política Galicia
- Política España
- Política Mundo
- Economía
- Deportes
- Maré
- Comunicación
- A Contra
- Opinión
- CANLES
- Canle Vivenda
- Cultura
- Deputación da Coruña
- Medio Ambiente
- Medio Rural
- Turismo
- Vicepresidencia

A VIÑETA DO DÍA: idiomas na rede
 POR: H.M.

- **SERVIZOS**
- [Tarifas](#)
- [Tempo](#)
- [Sorteos](#)
- [Webcam](#)
- **SUPLEMENTOS**
- [Altermundo](#)
- [Bolboreta](#)
- [Descubrir](#)
- [Hoxe Venres](#)
- [Lecer](#)
- [Océano Internet](#)
- [Revista das Letras](#)
- [Universidade](#)

parte dos concellos ou das asociacións culturais, como aconteceu cando máis de 1.500 sinaturas lle solicitaron o nomeamento do Cura de Friume. O ano pasado, en concreto, unha asociación cultural de Teo foi a encargada de facer campaña a prol de María Mariño.

A elección realízase tras unha solicitude presentada por tres académicos. As propostas poden ser infinitas pero o habitual é que só sexan efectivas dúas ou tres. Posteriormente, sométese a votación dos asistentes.

O único claro nas quinielas deste ano é que non sairá elixida unha muller. Hoxe en día, non existe unha candidata que reúna as condicións previstas polos estatutos, que tras a reforma do ano 2000 llo poñerían incluso difícil a Manuel Murguía, como recoñeceron algúns académicos con alusión á escasa produción en lingua galega que deixou o historiador.

Sen suxestións dos concellos ou das asociacións e con débedas que, máis tarde ou máis cedo deberán cumprir –nomeadamente o caso de Ricardo Carvalho Calero, albacea da ortografía reintegracionista–, os académicos rexeitan dar favoritos. Porén, hai algúns nomes con grandes posibilidades de ser elixidos, en especial Xosé María Álvarez Blázquez, poeta, editor e investigador que padeceu a represión franquista e mantivo acesa a labarada da cultura galega durante as décadas escuras. Na quiniela, outro escritor que os anos engrandeceron até convertelo no pai das novas xeración poéticas: Lois Pereiro, morto prematuramente en 1996 e autor dunha das obras máis apaixonadas e ignoradas do século pasado.

OS FAVORITOS

De Lois Pereiro e Álvarez Blázquez

Cando o eco do 17 de maio pasado –dedicado a María Mariño– soa aínda, os académicos buscan xa o escritor ao que dedicarlle o do 2008. Farano, ademais, nun ano no que a polémica sobre a renovación da celebración foi máis candente que nunca, con abondosas manifestacións –incluso de escritores e intelectuais pouco sospeitosos de "revisionistas"– que reclamaron cambios na exitosa iniciativa, promovida por Francisco Fernández del Riego en 1963.

É nesa dinámica na que a candidatura de Lois Pereiro pode encontrar o seu espazo. Proclamado o ano pasado polos internautas como o seu predilecto para o 17 de maio, Lois Pereiro ten unha obra axigantada polo tempo, admirada pola crítica e plenamente vixente nos lectores. A súa biografía cargada de malditismo, a súa militancia na contracultura ou a súa escasa cabida nas estreitas marxes do canon poético galego serían algunhas das pexas para un escritor que tampouco goza de excesiva publicidade entre os académicos. A súa elección, porén, demostraría que a RAG oíu o malestar dos últimos meses e que non está tan pechada aos canóns como algúns lle din.

Mellor encaixa no prototipo Xosé María Álvarez Blázquez, eterno aspirante e até agora esquecido. Obra non lle falta a Blázquez, nin biografía, nin heroísmo. A súa elección sería tamén indiscutible.

Máis atrás quedan o "reintegracionista" Carvalho Calero –un dos mellores escritores galegos do pasado século–, Cuña Novás, autor de 'Fabulario novo' –un poemario clave da posguerra– ou o polifacético Valentín Paz Andrade, escritor, político galego e fundador de Pescanova. Tamén ten

A_FONTANELA CULTURA.rede Día das Letras Cataluña e Galicia

posibilidades Antonio Fernández Morales, autor do segundo libro que se publicou en galego. A súa elección sería unha grande nova para o Bierzo, unha rexión leonesa onde existe un intenso activismo para conservar as súas tradicións e a súa lingua galegas.

comentarios

Escribe o teu comentario

Alias

Chave

Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. De non selo [rexístrate agora](#)

Título

Comentario

www.galicia-hoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.



Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com.

[Titularidade e política de privacidade](#)

© 2006 www.galicia-hoxe.com

Tódolos dereitos reservados. Prohibida a reprodución total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.

Auditado por

